

# TIKOSA

REVISTA DO CEIP DE PALMEIRA

17



# ÍNDICE

Limiar .....	3
Aos 3 anos... ao cole! .....	4
Xa empezou o cole .....	5
Os proxectos deste curso .....	6
«Inicia o curso en galego» .....	10
Contos solidarios .....	12
«Golfinhos na proa» .....	14
Celebramos o Samaín .....	16
Personaxes fantásticos .....	20
Xan e Perillán .....	22
Cae o ceo en anacos .....	24
Celebramos a festa do Magosto .....	26
Os dereitos das nenas e nenos .....	28
25 de novembro .....	30
Thanksgiving day .....	32
¡Vive ao natural! .....	34
Fomos ao teatro .....	38
Jungle book .....	39
A Constitución Española de 1978 .....	40
Veú o mago Benxamín .....	44
No Nadal... ..	46
Solidariedade con Haití .....	48
Ecoexploradores de Corrubedo .....	50
Fomos a Portosín .....	51
Día da Paz .....	52
No Antroido... ..	54
Plantamos flores no patio .....	57
O carballo .....	58
Festa na fraga .....	59
Protagonistas, as mulleres .....	60
Veú Anxo Fariña .....	62
Miradas. Cara ao paraíso .....	63
Celebramos o Día da Árbore .....	64
Plantamos liño no horto .....	65
O río Azor, está moito mellor .....	66
Os 4 da xunqueira .....	67
Fumar mata. Non metas a pata! .....	68
Hai que coidar o planeta! .....	69
Autoprotección escolar .....	70
O acuario .....	71
En abril, libros mil .....	72
A lenda das tres fontes .....	74
Rato de campo e rato de cidade .....	75
As nais fan teatro .....	76
Certame literario .....	78
Tres segundos .....	85
Coñecendo os Parques Naturais .....	86
Plan TIC .....	88
Estudiamos diversos ecosistemas .....	90
Maio: mes da lingua .....	92
Letras Galegas 2010: Uxío Novoneyra .....	93
Maio cultural 2010 .....	96
Historias da emigración .....	98
A vida dos mariñeiros .....	99
Lembranzas dun avó .....	100
Tivemos algúns problemíñas .....	101
A ANPA axudou moitísimo. ...E toca despedirse .....	102
Gañamos un premio. Profesorado 2009-2010 .....	103

---

## LIMIAR

*Arrecende a verán,  
arrecende a lecer.  
Chega a TIXOSA.  
Ímola ler.*

*A maleta a rebentar,  
con tantos traballos  
que leva a Tixosa  
ó xeito de agasallo.*



*Contos, debuxos, poemas...  
de medo, Antroido e Nadal.  
Axiña vou lelos.  
Pasareino xenial.*

*Arrecende a praia,  
arrecende a lecer.  
Coa nosa TIXOSA  
heime entreter.*

*Tamén dá boa conta  
cando fomos de excursión:  
Museos, fragas, teatros...  
Aprendemos un montón.*

*Arrecende a verán,  
arrecende a mar.  
A amiga TIXOSA  
vaime acompañar.*

*No Samaín as cabzas  
asustáronme bastante.  
Aquela de pirata  
e a outra de almirante.*



*Arrecende a sol,  
arrecende ás sardiñadas.  
Coa Tixosa terei  
unha boa camarada.*

*Fomos a Santiago.  
Vimos cadros de Laxeiro,  
a catedral, a Quintana  
e bailar o botafumeiro.*

*Arrecende a mar,  
a algas, a calor.  
Coa revista TIXOSA  
pasareino do mellor.*

Profe Susana

# AOS 3 ANOS... AO COLE!



4



# XA EMPEZOU O COLE

**Esperta, meu neno, esperta!  
Mira que saíu o sol.  
Imos poñernos moi guapos.  
O cole xa comezou!**




**Con agarimo hei coidar  
as cousas dos demais.  
Cando me pidan as miñas  
contento heinas prestar.**



**Virei sempre ó cole  
ben durmido e aseado,  
cepillados ben os dentes,  
co material necesario.**



**Farei novos amigos.  
A todos hei axudar.  
E así estando xuntos  
Moi ben o imos pasar!**




**Evitarei os insultos,  
as pelexas e empurróns.  
Se non me meto en líos,  
amigos a mogollón!**



**Levarei a mochila  
sempre moi arrombada,  
con lápices e con libros  
e a libreta preparada.**

Texto: Profe Susana

# OS PROXECTOS DESTE CURSO



## «QUEN DIXO MEDO?»

*O medo cólase na nosa Biblioteca. O medo busca o seu lugar entre as emocións que esperta a lectura.*

*Para os que gustan de bruxas, ogros, vampiros, orcos, fantasmas, misterios, segredos...*


*Para os que tiveron medo, en noites de infancia, escoitando contos de lobos, de mortos e aparecidos...*

*Para os que se deixan levar polas historias que causan arrepió...*

*Para os que quieren pasalo DE MEDO!*

6





## «A BIODIVERSIDADE: PURA NECESIDADE!!!»

O Equipo de Medio Ambiente, durante o curso 2009-2010, e dentro do proxecto Voz Natura, traballará o tema da Biodiversidade abordando os seguintes aspectos:

- Biodiversidade animal e vexetal.
- Flora e Fauna de Galicia en perigo de extinción.
- Repercusión ecolóxica dos incendios forestais.
- Recuperación das marxes do río Azor.
- Competencia lingüística a través de refráns, coplas, cantigas...

Tamén seguiremos traballando diversos aspectos de proxectos anteriores e relacionados co contido deste proxecto, como son:

- Recollida selectiva de lixo.
- Limpeza de patio.
- Coidado do horto escolar (plantas aromáticas).
- Aproveitamento dos recursos e consumo responsable.

Levaranse a cabo as seguintes actividades.

- Estudar os ecosistemas Galegos: fraga, lagoa, carballeira, souto, braña... a súa flora e fauna.
- Estudar animais e plantas de Galicia que están en perigo de extinción.
- Elaborar calendarios meteorolóxicos.
- Elaborar un calendario con fotografías de animais e plantas de Galicia en perigo de extinción.
- Traballar refráns, cancións, poemas.. cos nomes de plantas e animais de Galicia.
- Limpeza da desembocadura do río Azor.





## POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

*O Equipo de Normalización Lingüística do C.E.I.P. de Palmeira leva xa moitos anos traballando en prol da lingua e cultura galegas. Ó longo deste tempo recuperamos e afondamos no estudo das festas cíclicas : Samaín, Magosto, Nadal, Antroido...; demos a coñecer e recopilamos adiviñas, poemas, refráns, lendas, toponimia e léxico propio da zona e neste curso continuaremos na mesma liña de traballo.*



8

Normalización Lingüística C.E.I.P. de Palmeira

...: Recunchos... :..

**da historia**

- Mulleres na historia, historia de mulleres.
- Persoeiros da historia
- Mulleres na guerra da independencia
- A nosa historia
- A conquista de América

**especiais**

- Especial "Marea Negra"
- Cóntame un conto

**da lingua**

- Refráns e ditos populares
- O noso dicionario

Colexio de Educación Infantil e Primaria de Palmeira - Ribeira - A Coruña



## AVANZANDO NAS TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación)

O Equipo de Novas tecnoloxías continuamos desenvolvendo as liñas de actuación iniciadas nos últimos anos. Seguiremos traballando nas aulas virtuais, os distintos cadernos de traballo así como os novos espazos web que nos propomos crear.



**Rato Paco**  
CEIP de Palmeira

Intranet educativa

::: Casa do Rato Paco :::

Benviúdo/a á miña casa, aquí tes unha chea de ferramentas para traballar... Escolle a túa opción.

Infantil, 1º Ciclo, 2º Ciclo, 3º Ciclo, Música, Inglés, Enciclopedias, Libros, Pelis, Para escollarlas, Resumos, Colorear, Fotos, Videos, Programas, Web do centro, Profes



**Rato Paco**  
CEIP de Palmeira

::: OS CONTOS DO RATO PACO :::

Riños Dourados, Dona Carme, A tea na araña, O casamento da guzá e o pólo, Mrs Carme, O frautista de nãmein, A eruga lambeteira, Quem coñeca o sol!

Así mesmo seguimos aumentando os contidos que o noso amigo Paco garda na súa "casa" (servidor intranet educativa). Tamén nos propomos poñer en funcionamento o "cariño dos portátiles" coa idea de poder introducir tamén os ordenadores en cada unha das mesas dos nenos e nenas.

9

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira>



**M**  
**PV**

Henri Matisse

::: MATISSE ::: OBRA :::

VIDA OBRA


## «INICIA O CURSO EN GALEGO»

As nenas e nenos de 4º, 5º e 6º de Primaria participaron nunha actividade chamada «Inicia o curso en galego» incluída dentro da campaña “Contos para falar”, unha iniciativa da Editorial Rodeira promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e organizada polo Concello de Ribeira.

A actividade parte da Odisea como fío condutor para facer unha aproximación ás navegacións antigas, ás xentes de mar e ao seu modo de vida e ao mar como espazo de aventura. Durante a viaxe tamén se deron a coñecer as aventuras de Odiseo durante o seu regreso á casa logo da guerra de Troia e as distintas peripecias que lle tocou afrontar.



*Neste relato nállanse as aventuras que vive Ulises polo mar Mediterráneo. Enormes tempestades azoutan a súa nave porque o deus do mar, Poseidón, non o quere nada. Pero o protexe a deusa da sabedoría, Atenea. Mentres tanto, na súa terra, a illa Ítaca, estano a esperar a súa fiel esposa, Penélope e o seu fillo Telémaco, que irá en busca de noticias súas.*



### UN CONTACTOS EN RIBEIRA

O martes 22 de setembro meus compañeiros e máis eu levamos unha sorpresa. Leváronnos ao Auditorio pero non fomos escoitar música senón que estaba alí un contacontos que estivo a falar dun conto titulado «A Odisea».


O protagonista de «A Odisea» é un home chamado Ulises, que percorreu todo o mundo e viviu moitas aventuras. Unha delas foi loitar contra un xigante que tiña un só ollo no medio da fronte e que se chamaba Polifemo. Na vila, a Ulises esperábanos a súa muller co seu fillo. Como Ulises non daba chegado moitos homes quixeron casar con ela pero non o conseguiron porque a muller sabía que o seu home voltaría algún día.

No auditorio faláronnos de cómo se vivía na época de Ulises. Ensináronnos fotos dos barcos daqueles tempos e de como eran as casas.


Gustounos moito o que nos contaron e o que nos ensinaron. Cando saímos regaláronnos unha maqueta dun barco e o libro de «A Odisea».

10

NENAS e NENOS de 4º A



MARTA - 5º A



11





# CONTOS SOLIDARIOS

Equipo de  
Medio  
Ambiente



Os Equipos de Biblioteca e Medio Ambiente organizaron con motivo do Día Internacional das Bibliotecas Escolares unha actividade de contacontos con Anxo Moure, dentro do proxecto «Contos Solidarios».

*O proxecto Contos Solidarios nace no ano 2000 da man da ONGD chantadina Bicis pola Paz. Contos Solidarios ten como obxectivo sensibilizar e concienciar as/os alumnas/os sobre a necesidade dun compromiso solidario coa xustiza e a liberdade, empregando como ferramenta lúdico-pedagóxica o conto, a poesía, o humor, a mímica... Bicis pola Paz é unha ONGD que nace en Chantada (Galicia) no ano 1990. O obxectivo de Bicis pola Paz é fomentar o eco-transporte nos proxectos de desenvolvemento. Bicis pola Paz doa bicicletas a mestres, médicos, promotores de saúde, veterinarios.... en máis de vinte países de América Latina, Asia e África, así como a inmigrantes no estado español.*

<http://www.contosolidarios.org>

Anxo Moure non é un contacontos calquera. A verdade é que non é un contacontos. É un ecoloxista que ven dende Chantada en coche e dende a Avenida da Paz en bici. El quérelle moito á natureza. Quérelle tanto que ata plantou un carballo nunha bota. El contounos cousas sobre a natureza representando a árbores, a nubes... Como en Chantada ardeu o seu bosque preferido, veu ata aquí para representar como podiamos salvar a natureza: non tirando cousas ao chan, reciclando... El ten moita imaxinación e ten tanta que ata lle puxo nome a súa bici: CICLOBIBLIOTECA.

ANDREA - 5º B





CELIA - 1º A

Anxo veu ao colexio a contar-nos un conto e mentres dicíanos que hai que salvar árbores.

SARA LÓPEZ - 6º A



Sara López  
6º A



Aquí falounos dunha nube que dicía que os contacontos xa non contaban contos de amor. E unha nena fixo de nube.

SARA E. - 6º A



Anxo Moure Mosquera  
"atrapador de contos"  
Garabelos-Mariz 27518 Chantada

Atención de nenas e nenos de Palmeira  
Mestras e mestres

Garabelos, 25-10-2009

Benqueridas/os compañeiros/os:

Esta noite dende a xanela desta habitación podo aínda mirar como a lúa bica as pontañas dun acivro cheo de baías bermellas, acabo de regresar da Serra do Faro, de lanzar landras e sementes cun tirachinas (que eu chamo "tirabeloteiroplantabosques") para tentar repoboar o monte despois dun incendio forestal, aproveitei tamén para plantar os carballos con botas. Nesa montaña dalgún xeito estiveren sementando os vosos sorrisos, as vosas miradas, e todo o cariño recibido na vosa escola, o trato encantador das mestras e das nenas e os nenos, a amabilidade do conserxe. Así que despois do terrible incendio da Serra do Faro a montaña entristeceu pero hoxe recuperou o sorriso cando recolleu o mellor que pode dar unha persoa a outra, a tenrura, e polo tanto hoxe unha montaña galega está inzada da tenrura dun grupo de nenas e nenas dunha escola que se chama Palmeira. Por eso escribo esta carta, para agradecervos todo e moito máis, para que saibades que en Chantada, entre a Serra do Faro e o río Miño, vedes un amigo que sigue plantando carballos nas botas e abrazando as árbores. Un saúdo especial para o meu "axudante" Alfonso.

E por suposto, sabede que coa vosa axuda económica, coa vosa aportación, algunha nena, moitas nenas e nenos, tal vez moi, moi lonxe, vai ter dereito a ese tesouro que chaman educación, cando o seu mestre, a súa profesora poida acudir nunha bicicleta a contarlle historias que tal vez lle falen da vosa tenrura e esperanza.

Recibide apertas ciclobibliotecarias

Anxo

p-d: preguntoume unha das vosas alumnas se me gustaba contar contos ós nenos, pois si, por días como este compartido convosco, días que curan a alma mancada por tantas historias, encántame contar contos.

p-d: enviávos o meu corazón de papel reciclado.

**Todos colaboramos coa ONG de Anxo e mandounos unha carta moi bonita.**



## «GOLFIÑOS NA PROA»

*Este é o nome dunha exposición itinerante, patrocinada e financiada pola Deputación da Coruña, que ten como obxectivo dar a coñecer a riqueza do patrimonio marítimo galego e ós cetáceos de Galicia.*

*A exposición estaba no interior do veleiro NIEVES, que estivo atracado no porto de Ribeira. Alí puidemos descubrir a historia da vida dunha gran embarcación con máis de 90 anos de vida ás súas costas, que serve como exemplo de vida de calquera embarcación tradicional galega.*

GOLFIÑOS NA PROA

Hoxe fomos ver un barco que estaba atracado no porto de Ribeira. Contáronos que había unha cachalota embarazada. Ela comeu un plástico e morreron os dous. Non debemos tirar lixo ao mar.


**LUCÍA - 1º A**

14

### Unha mañá de mariñeiros

O venres fomos a un barco que estaba no porto de Ribeira. Alí dúas persoas ensináronnos o barco. Javier falounos sobre o barco e Noa ensinounos unha exposición que había na parte de abaixo do barco. Na exposición había osos de animais mariños como: golfinhos, baleas... O que máis me gustou foi cando Noa trouxo un bote e dentro había una cría de golfinho morta! Estaba nun alcohol especial que a conservaba, pero deume algo de pena. Javier levounos a unha sala chea de aparatos raros e explicounos como se usaban e para que se utilizaban, tamén nos dixo que o barco tiña 92 anos e que só quedaban dous coma el. Cando nos fomos déronnos un papel con todos os cetáceos máis frecuentes en Galicia. Paseino xenial!!!!

**MARÍA - 5º B**






Esto é a mandíbula dunha balea. É por onde comen, eses peliños axúdanlles a comer porque a auga que tragan expúlsana e coa axuda dos peliños, que tamén se chaman bigotes, a comida queda dentro e a auga fora.

Esto é un golfinho morto. Como a súa nai comeu lixo que estaba no mar e el aínda estaba dentro da nai pois morreu. Todo isto pasou porque os seres humanos contaminamos demasiado.

IRENE - 5º A



Gustome moito o delfín pequeno que estaba no tarro e doume moita pena porque estaba morto. Os cráneos dos arroaces eran moi grandes.

MARTA - 5º A

# CELEBRAMOS O SAMAÍN

*Lenda celta: O lago prestado*

*Un nobre mozo tentaba namora-la filla dun nobre de Westmeath. A moza non casaría se non vía desde unha fiestra do castelo un lago tan fermoso coma o que contemplaba desde o castelo dos seus pais.*

*Pero o regato que baixaba pola montaña tardaría moitísimos anos en enche-lo val, e o mozo xa sería vello.*

*A madrastra del -unha feiticeira- véndoo tan desesperado, colleu a vasoira e foi á casa dunha irmá bruxa que vivía preto dun fermoso lago. Mentres almorzaban contoulle o problema e pediulle prestado o lago ata «o día da seguinte lúa» -engadindo moi baixiño- «despois dunha semana de eternidade».*

*A irmá non oíra isto último, e prestoulle o lago.*

*A madrastra colleu o lago coa capa e regresou. Esa noite oíron no val milleiros e milleiros de cataratas caer sobre eles. A xente fuxiu ás terras altas. Pola mañá viron o fermoso lago que cubría a súa vila.*

*E celebrouse a voda.*


*Dous meses máis tarde a bruxa viu en lugar do lago a terra queimada polo sol, rochas, barro e peixe podre. Perdeu a paciencia e voando na súa vasoira foi pedirlle o seu lago.*

*A madrastra díxolle: - Devólvocho o día da lúa... Reclámao cando venza o prazo.*

...

*Continuará: A venganza terrible da bruxa traizoada.*

16






UNHA NOITE ESTRANA



Estaba eu durmendo cando roto sentin ruidos arriba.

Fun mirar pouco a pouco e cando cheguei foise a luz.



Intentei baixar pero alguen me tocou no hombro.

Collin rapidamente unha vela e encendeuse soa.



Revei para atrás pero non había ninguén nin unha sombra e desmulline.

As día seguinte aparecin na cama e todo era normal pero no hombro tiña unha ferida.

# OS NENOS DE LIR




Fai moito tempo vivia un rei coa súa familia nun castelo.



A súa muller morreu e el casouse de novo.



A nova muller levou aos fillos a un lago



Alí converteunos en cisnes por 900 anos



Ao rei díxolle que morreran



Despois de 900 anos os fillos volveron a ser persoas

IRENE - 5º A





**MARÍA - 5º A**

Un karapaza e tres irmáns  
xogaban no lago  
do rei Alqueirón  
e non volveron xamais


A súa madrasta  
a mala da conta  
convertíu a os rapaces  
en cisnes fermosos

Os rapaces cantáronlle  
no rei o que pasou  
e a madrasta mala  
entre rixos quedou.


Os rapaces despois de  
6 anos normais volvían a ser  
e xogando e xogando  
quedaron no lago do rei


PAULA - 4 anos



JUAN LUIS - 4 anos



# PERSONAXES FANTÁSTICOS

## O CHOCOAINIFRESA

Hai un ser fantástico, non é invisible pero algunhas veces desaparece. Chámase chocovainifresa. Din que é unha femia de cor rosa, as orellas en círculo e o corpo coma un xelado de fresa, chocolate e vainilla. Hai unha nena chamada Natalia que un día espertou e encontrou moitísimo xelado na súa cama e todos os días así. A nena engordaba e foi a xunto da súa tía, que era médica; díxolle que o que a facía engordar era ese ser fantástico. Natalia fíxolle como lle mandou a tía, puxo galletas na habitación a ao día seguinte xa non apareceu nada. O chocovainifresa desaparecera.




MARTA - 6º B

## PAQUES E O NARIZ DE PAIASO



Dende que eu teño dous anos, Paques víñame visitar e facía que eu pasara todo o día rañándome o nariz. Paques era un monstro que se asemellaba a unha ra, pero de cor vermella. Un día, cando veu visitarme, puxen un nariz de paiaso no meu nariz e asustouse tanto que non volveu, e espero que non volva!



SARA L. - 6º A

## A FADA PELOURA

Había unha vez unha nena de pelo rosa; ela estaba moi contenta pero os demais burlábanse dela. Un día os seus pais cortáronlle o pelo, pero ao día seguinte creceulle de novo. Entón souberon por que o tiña así: era pola fada do pelo ou das Pelouras. A fada Peloura convertía o pelo dos nenos no pelo que desexaban. Para desfacer o feitizo, deseñaron un plan: botar mel na ventá. Cando pola noite entrou a Peloura, quedou pegada e a nena volveu a ter o pelo loiro.



SUSANA - 6º B

## O IANPEIDO

Ianpeido é un ser malvado que fai que os nenos tiremos peidos. É como unha persoa pero en realidade é un extraterrestre diminuto, que fixo un robot en forma de persoa. Agora está visitando a un neno chamado Pedriño que é moi guapo, pero pola súa culpa tírase moitos peidos. Conseguirá Pedriño librarse del poñendo rolos de papel na porta? Penso que Pedriño nunca encontrou o remedio.




RUBÉN - 6º A

## O LETODO


Había unha rapaza que era coma as súas amigas, pero un día pola noite, un ser chamado Letodo visitouna e fixo que á mañá seguinte quixera ler todo. Dous días despois xa lera todos os libros do pobo; os pais foron a todos os médicos da provincia ata que un home maior lles dixo:

- O Letodo visitouna; tedes que colgar unha boneca de meiga na porta da súa habitación. Así o fixeron e o Letodo non a volveu visitar nunca máis.



BELÉN D. - 6º A

## O LIONPESADELO



O Lionpesadelo é un animal con forma de león xigante, que anda apoiado na cola, non ten patas e cando respira bota vermes polo nariz. A súa función é facer que os nenos e as nenas teñan pesadelos. Iso pasoulle a Facundo, un rapaz que nunca tiña pesadelos. Facundo ía todas as noites para a cama dos seus pais polo medo que tiña, iso repetíase noite tras noite. Os pais fartos contrataron a moitos especialistas, pero ningún solucionou o problema. Un día apareceu na casa un domador de leóns e contoulles a súa historia, que fora o causante do problema e díxolles que podían liberarse do Lionpesadelo poñendo luces fluorescentes na porta. Así o fixeron e resultou un bo remedio e dende aquel día nunca volveu ter pesadelos.

21


NEREA - 6º B

## O LAPEIX

O Lapeix é un ser terrestre, pero é un peixe. O Lapeix rouba os soños e cando os devolve, os transforma en pesadelos.

María era unha nena que tiña moitos pesadelos. Por culpa diso tiña moito medo. A súa avoa comezou a sospeitar e dixo:

- Isto trátase do Lapeix. A avoa consultou un libro e... botou auga con manteiga na habitación de María, e nunca volveu ter pesadelos.



PAULA - 6º A

# XAN E PERILLÁN

O pasado día 6 de novembro, por cortesía do Consorcio Editorial Galego, tivemos unha actividade de contacontos a cargo do «Consello de Galegos Ilustres». Contáronnos a historia de Xan e Perillán.

Hoxe, 6 de novembro de 2009 veu un contacontos ao colexio. Eran dous, un tocaba a guitarra e o outro contaba a historia. Contou a historia de Xan e Perillán, dous amigos igualiños que se enfadaron porque Xan vendera as árbores e fixérase rico. Ao final reconciliáronse.

O contacontos, despois de contar o conto empezou a mover as mans dunha forma moi graciosa e tódolos rapaces imitábámolo. Foi graciosísimo! Pero en realidade tamén foi moi bonita a historia. Eu creo que todos os que estabamos alí queriamos ter a casa, o coche e os cartos que tiña Xan. Mentres nos contaban a historia o outro señor tocaba a guitarra. Estivo moi ben!

SARA L. - 6º A


22



PAULA M. - 1º A



JULIETA - 1º A



XAN E PERILLAN SON MOI AMIGOS. UN DIA A XAN LE OCURRIU UNHA COUSA VEU UN SEÑOR NUN COCHE A SUA CASA. XAN DI XOLLE: QUE QUERES E O SEÑOR CONTESTOU LLEVENO COMPRAR AS ARBORES E ASÍ TERAS MOITO DIÑEIRO. NON PODO VENDELOS PORQUE OS COMPRARON MEUS AVOS E MEUS PAIS. AO DIA SEGUINTE VOLVEU O SEÑOR DO COCHE E LLE VOLVEU PREGUNTAR O MESMO. XAN VOLVEULLE DECIR NON...

CARLOTA - 1º A



# CAE O CEO EN ANACOS

"Debaixo dun castiñeiro  
paseando unha galiña  
caeu degarado ourizo  
e un golpe lle deu na crista,  
bota a correr a galiña  
e dille de presa ao galo:  
-Fuxa, señor galo, fuxa,  
que cae o ceo en anacos.  
-Quén llo dixo, ña galiña?  
-Sentín un na coroniña.  
Apreta o galo a correr  
e, cō raposo encarando:  
-Fuxa, -dille,- señor Pedro,  
que cae o ceo en anacos.  
- Quén llo dixo, señor galo?  
-Dixo a señora galiña.  
-Quén llo dixo, ña galiña?  
-Sentín un na coroniña.  
Bota o raposo a correr  
e, atopando o can ao paso:  
-Fuxa, -dille,- señor can,  
que cae o ceo en anacos.  
-Quém llo dís, señor raposo?  
-Dixomo o señor galo.  
-Quén llo dixo, señor galo?  
-Dixo a señora galiña.  
-Quén llo dixo, ña galiña?  
-Sentín un na coroniña.  
Bótase o can a correr  
e cō lobo tropeizando:  
-Fuxa, -dille,- señor lobo,  
que cae o ceo en anacos."

Tradición oral








LUCÍA - 1º A

Dúas nenas collendo castañas  
debaixo do castiñeiro están.  
Unha pinchouse nun dedo  
e outra andando, andando, pinchouse tamén.



ALBERTO - 1º A

As castañas no magosto  
que riquiñas están,  
tantas e tantas comemos  
que podemos estoupar.

NENAS e NENOS de 1º A



LETICIA - 1º A



CATALINA - 1º A

# CELEBRAMOS A FESTA DO MAGOSTO

Hoxe día 17/11/09 fixemos o magosto. Primeiro, plantamos as castañas nunha maceta ou nunha bota. Depois, na hora do recreo comemos as castañas que estaban deliciosas e empezamos a xogar con aros, con cordas, con pelotas... Eu xoguei ao baloncesto con moitos nenos e nenas. Tamén xoguei ao escondite, ao pilla pilla e con aros. Paseino moi ben e, coa música dos músicos que chegaron, aínda mellor. Fernando o profesor pintou aos nenos e nenas con carbón. Foi un magosto increíble!

MARTA - 6º B

*No medio da eira,  
pretiño do río,  
case na Curota,  
nun sitio sombrío.*

*Naceu un castiñeiro  
de follas fermosas,  
pasados dez anos,  
deu castañas sabrosas.*

*O día do Magosto,  
os nenos de Palmeira,  
colleron todas  
as que había na eira.*

*Con moito coidado,  
sacáronlle os pinchos,  
coméronas antes  
de saírenlle os bichos.*



YAIZA - 4 anos

MARIO - 4 anos e Paca (súa nai)



NEREA - 6º B



***Contamos coa colaboración do grupo Gandaina ao que queremos agradecer dende esta revista a súa colaboración co colexio.***



# OS DEREITOS DAS NENAS E NENOS



28



BELÉN, JOSE e SARA - 6º A



IAN e ÁNGELA - 6º A

# 25 DE NOVIEMBRE: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA CARA Á MULLER

O 25 de novembro foi declarado Día Internacional contra a Violencia cara á Muller no primeiro Encontro Feminista de Latinoamérica e do Caribe celebrado en Bogotá (Colombia) en xullo de 1981.

Neste encontro as mulleres denunciaron a violencia de xénero a nivel doméstico e a violación e o acoso sexual a nivel de estados incluíndo a tortura e os abusos sufridos por prisioneiras políticas.

Elixíuse o 25 de novembro para conmemorar o violento asasinato das irmás Mirabal (Patria, Minerva e Maria Teresa), tres activistas políticas asasinadas o 25 de novembro de 1960 pola policía secreta do ditador Rafael Trujillo na República Dominicana.

En 1999, a ONU deu carácter oficial a esta data.

<http://www.educacionenvalores.org/25-de-noviembre-Dia-Internacional.html>

Teléfono **M**  
da muller 24h  
**900 400 273**

Correo electrónico: [telefono.muller@xunta.es](mailto:telefono.muller@xunta.es)

¿Que é o Teléfono da Muller?

É un servizo gratuito e anónimo que funciona as 24 horas do día e ten cobertura para toda a Comunidade Autónoma.

<http://sgi.xunta.es/teleinfo.htm>

30



Non me pareceu normal que a muller lle pagara menos tendo un traballo máis duro e, que o home non lle axudara nos labores da casa. É injusto! As mulleres tamén necesitamos que nos axuden e que nos paguen a todos igual. Non a discriminación!

NON A VIOLENCIA DE XÉNERO!






ANA - 6º A



Todas as persoas do mundo, sexan mulleres ou homes, temos todos os mesmos dereitos.

IAN - 6º A



MARÍA - 5º A



¡NON MAIS VIOLENCIA!

O soño que tive paréceme mellor porque, os homes tamén teñen que axudar ás mulleres, non deixar que o fagan todo elas, e fano entre os dous e hai a metade de traballo. Tamén por ser muller a traballando máis pagandolle menos.

MARÍA - 5º A

# THANKSGIVING DAY

Conta unha historia, que cando os colonos ingleses chegaron no s. XVII ao Novo Mundo, nun mes de novembro, unha grande parte deles atoparon a morte debido ao duro inverno e á falta de recursos. Non obstante, os nativos americanos ofrecéronlles parte dos alimentos que ata entón almacenaran. O outono seguinte, os peregrinos ingleses decidiron compartir o resto da súa colleita coas tribos nativas americanas como mostra de agradecemento. Máis tarde, a afluencia masiva de colonos ingleses finalizou co exterminio de miles de nativos, esquecéndose así daquel primeiro contacto. Esta é a orixe do Día de Acción de Grazas, festa nacional dos EEUU, que se celebra o cuarto xoves do mes de novembro.


Por suxerencia dun grupo de pais e nais de alumnos-as, que viviron en América, este ano traballamos o Día de Acción de Gracias. Explicamos nas aulas en qué consiste esta celebración da que tanto temos escoitado nas películas e despois estes pais e nais fixeron unha pequena representación da historia da celebración deste día, en inglés. Queremos agradecer aos pais e nais que participaron nesta actividade a súa colaboración co colexio.

32

A celebración de acción de grazas ven por esta historia:

Unha vez había uns peregrinos ingleses que foron nun barco chamado «Mayflower» ata América. Cando chegaron estaban sós, famentos e con frío. Uns indios acolléronos e os peregrinos fixeron unha cea dándolles as grazas. Por iso o cuarto xoves de novembro, en E.E.U.U. celébrase unha cea. Esta historia representárona hoxe 30-11-09 os pais dalgúns alumnos do centro coa colaboración de dous rapaces: Alberte de 6º e Jacobo de 5º. Estivo moi ben, aínda que fose en inglés!

SARA L. - 6º A



Uns «pilgrims» chegaron a América despois dunha longa viaxe en barco. Cando chegaron non sabían como conseguir comida e uns indios que vivían alí, ensináronlles a cazar, a pescar... Os «pilgrims» en outono fixeron unha cea para agradecerlles a súa hospitalidade e como plato principal puxeron un pavo. Isto foi o que nos contaron e representaron algúns pais de nenos ingleses que hai no colexio. A min encantoume.

PAULA - 6º A







American Thanksgiving is celebrated on the 4th Thursday of November.



# ¡VIVE AO NATURAL!

Tivemos unha charla no centro sobre a Biodiversidade. Esta actividade estivo englobada dentro do Programa ¡VIVE AO NATURAL! da Consellería do Medio Rural.

ZOE - 5º A

## A biodiversidade



34

PARA TER BIODIVERSIDADE,  
ACTUA CON NATURALIDADE !!!

NEREA - 5º A






MARTA - 5º A

 **¡Vive ao Natural!**  
Programa de divulgación das áreas naturais protexidas de Galicia

Programas  
   
Cantábara Orzúa



IRENE - 5º A



MARÍA - 5º A



Equipo de  
Medio  
Ambiente

## A BIODIVERSIDADE: PURA NECESIDADE!

37

AITANA - 5º A



# FOMOS AO TEATRO EL ÁRBOL DE NAVIDAD

Onte fun a santiago,  
buono, toda a clase (somos  
dazanove). gustoume  
moito. A obra iba  
de que había un señor,  
era rico e non  
compartía os euros. O  
final vineron dous  
señores e unha  
muller, aí, si o teatro  
chamáse o árbol da  
navidad

LUCÍA - 1º A

38



## JUNGLE BOOK

**The adventures of an abandoned «man cub» Mowgli who is raised by wolves in the indian jungle. With the help of Baloo, the bear; Baghera, the Black panther has to fight the tiger Shere Khan. We've learnt this song: Sing along!**



*Walk like you  
You, ll see it, s true  
Someone like me  
Can learn to be  
like someone like me  
can learn to be  
like someone like you  
can learn to be  
like someone like me;*

*Oh oobee doo  
I wanna be like you  
I wanna walk like you  
Talk like you ,too  
You, ll see it, s true  
An ape like me  
can learn to be human too  
You! I wanna be like you  
I wanna talk like you*

### UN DÍA NO TEATRO

O día 1 de decembro fomos a Santiago a ver unha obra de teatro. Saímos da escola as 9:00 da mañá os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º. Repartíronnos en dous autobuses. Cando chegamos a Santiago, antes de ir ao teatro, leváronnos a «Área Central». Alí os de 3º xogaron nun parque e os de 4º, 5º e 6º demos unha volta por alí percorrendo as tendas. Despois fomos ao colexio «La Salle» para ver a obra de teatro. Era en inglés!. Cantaban moitas cancións, en inglés, claro!. A obra de teatro titulábase «Jungle book», que en galego significa «O libro da selva». Había moitos personaxes: o oso, que se chamaba Balú, Mowgli, a panteira, a serpe, etc. Ás veces falaban en inglés e ás veces en castelán. Catro persoas facían todos os personaxes, e outra persoa era a que poñía a música e as luces. Había moita xente doutros coles. Pasámolo xenial coa obra! Á volta, no autobús, iamos cantando as cancións en inglés que vimos na obra. Pasámolo moi ben. Queremos volver! Queremos volver!



3º AND 4ª PRIMARY





# A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978









Tamén temos dereito a pedir  
unha cultura de paz,  
de axuda e tolerancia,  
de respecto ós demais.



JOSÉ e SORAYA - 6º A

Has ter 18 anos  
para poder ir votar  
escoita ben o que din  
non te deixes enganar.




MARTA e ANDREA - 5º A


# VEU O MAGO BENXAMÍN

A ANPA do colexio organizou a visita ao centro do mago Benxamín que nos fixo os seus trucos de maxia e deixounos a todos abraiados.

O día 11 de decembro de 2009 veu un mago ao cole e fixo uns trucos de maxia fantásticos. Fixo dun pano unha pomba, cambiou unhas cartas, pero o que máis me gustou foi cando puxo unha moza nunha caixa e parteuna en anacos e cando saíu estaba sen un rasguño e quedamos todos impresionados.



JOSE - 6º A



CELIA - 1º A



MÓNICA - 1º A

Este é o primeiro truco de maxia que fixo, sa cos a pomba do cadro.



SARA L. - 6º A

**IMPRESIONANTE!**

- O mago Benxamín colleu un cadro e nel había unha pomba pintada e fixo que saíra do cadro voando pola escola. Eu sabía que os magos fan trucos pero quedei sorprendido.
- Quedei asombradísima, érame imposible, custaba un montón crer iso. Tamén quedei abraiada cando fixo aparecer unha pomba!
- Paseino moi ben co mago Banxamín, foi increíble! Fixo maxia de verdade!
- A min encantoume cando unha axudante, Loli, se meteu nunha caixa e saíu con outro vestido e outros tacóns. Cambiouse enseguida.
- Gustoume o espectáculo porque facía maxia con trucos. O que máis foi cando fixo desaparecer á axudante, foi increíble, e despois volveu a aparecer.
- Fíxonos un truco que quedei coa boca aberta. Foi cando colleu tres serras e cravoullas á súa axudante Loli.




**NENAS e NENOS de 1º A**

45





# NO NADAL...



DANIEL A. - 1º A

46



MIGUEL - 5 anos

Queridos reis magos:

A Melchor pídlle que non haxa guerras e que se acepten uns aos outros. A Gaspar que non haxa discriminación, e igualdade entre homes e mulleres. A Baltasar que non haxa problemas de ningún tipo e que non existan as armas de guerra.

De todo corazón.

SORAYA - 6º

Queridos reis magos:

Eu quero soamente varias cousas: unha, que haxa paz no mundo; segunda, quero que todas as familias o pasen ben; terceiro, que non queimen as árbores para que nós poidamos respirar ben. Quero por todo o alto que todas as persoas sexan educadas, teñan bos costumes e que non fagan cousas moi malas que nos perxudiquen ás persoas que sexan boas. Se o facedes realidade serei o neno máis feliz do mundo.

MIGUEL - 6º



LETICIA - 1º A



O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística convocou o concurso para escoller a tarxeta e o texto con que felicitamos o Nadal á Comunidade Educativa.



T  
R  
A  
B  
A  
L  
L  
O  
S  
G  
A  
Ñ  
A  
D  
O  
R  
E  
S



# SOLIDARIEDADE CON HAITÍ

Haití, é un país das Antillas, situado na parte occidental da illa La Española e que limita ao norte co océano Atlántico, ao sur e oeste co Mar Caribe ou das Antillas, e ao leste coa República Dominicana. A súa capital e cidade principal é Porto Príncipe. Haití está constituído en forma de república semipresidencialista segundo a Constitución aprobada en 1987, pero a vixencia da cal quedou suspendida dende entón en varias ocasións pola violencia política, particularmente tras o golpe de estado militar de 1991 e a crise de 2004 que forzou a intervención de Nacións Unidas mediante o destacamento da Misión de Estabilización das Nacións Unidas en Haití (MINUSTAH).

Tras un proceso electoral tutelado pola comunidade internacional en 2006, o Xefe do Estado, elixido por sufraxio universal, é René Préval mentres que a Asemblea Nacional de Haití designou en 2009 a Jean-Max Bellerive como primeiro ministro.

Haití é o país máis pobre de todo o continente americano e un dos máis desfavorecidos do mundo.

O pasado día 12 de xaneiro ocorreu unha das maiores catástrofes naturais da nosa historia recente. Un terremoto de grao 7 devastou Haití afectando a 3 millóns de persoas. Considérase unha das catástrofes humanitarias máis graves da historia.

<http://es.wikipedia.org/wiki/Haiti>

48







MARTA - 5º A



NEREA - 5º A

# ECOEXPLORADORES DE CORRUBEDO

*Esta foi unha actividade de educación medioambiental organizada polo Parque Natural de Corrubedo para dar a coñecer a riqueza paisaxística e natural do Parque. Coa axuda indispensable das Mochilas Ambientais, os rapaces e as rapazas puideron interactuar, investigar e coñecer o seu entorno, potenciando o coñecemento daqueles valores que diferencian noso ámbito natural de calquera outro.*



## UNHA PEQUENA SAÍDA

Hoxe, día 27/1/10 fixemos unha pequena saída ao Parque Natural de Corrubedo. Primeiro explicáronnos o que iamos facer que eran xogos.

Os xogos tratábanse de buscar cousas, ulir fragancias, escoitar a natureza...

Para facer isto déronnos unha mochila grande que dentro levaba bolsiñas para as actividades: lupas, tixeiras e moitas cousas máis. Alí vin un niño, unha rá moi bonita e paxaros.

Gustoume todo moito e paseino moi ben e sacamos mogollón de fotos para recordar este día. Ogallá volvamos outra vez neste curso.

MARTA - 6º B

## SAÍDA A CORRUBEDO

Déronnos unha mochila e un papel con actividades. Dentro da mochila había obxectos que nos axudarían a facer as actividades. A actividade que máis me gustou foi a de ulir frascos e adiviñar que era. Eu acertei, era canela.

As monitoras Estefi e Lucía foron moi boas. A EXCURSIÓN ENCANTOUME!

50



NEREA - 6º B

# FOMOS A PORTOSÍN



Participamos nunha actividade organizada pola Confraría de Pescadores de Portosín chamada «Porto Celta» coa que pretendían amosar o mar, as tradicións, a historia e o presente dende a óptica dos mariñeiros.

## UN DÍA EN PORTOSÍN

O outro día fomos de excursión a Portosín. Como era un día de xaneiro, facía moito frío e viñemos moi abrigados.

Tan pronto chegamos ao colexio, fomos ao autobús e fomos cantando, falando e xogando. Cando chegamos había xente traballando no muelle, pero aínda non había ningún barco. O primeiro que fixemos foi visitar a fábrica de xeo. Repartímonos en grupos de doce e fomos subindo. Había moitas máquinas que fabrican o xeo e vimos como saía o xeo por unha especie de caldeiros sen fondo.

En segundo lugar, fomos á Confraría e alí vimos as oficinas, onde traballaban só tres persoas: unha dáballes os cartos aos mariñeiros, outra traballaba facendo os contratos e a outra a mirar os peixes.

Despois fomos á lonxa. A xente tiña un mando para parar unha máquina que poñía canto custan os quilos e canto peixe se vende. Explicáronnos como funcionaba todo.

Ao saír da lonxa, xa chegaran a maioría dos barcos. Puidemos ver un barco que tiña o aparello roto e que tamén traía peixe para descargar.

Fomos merendar para despois subir a ver un barco por dentro. Era o *Divina del Mar*. Cando subiamos axudábanos uns mariñeiros; primeiro fomos á proa e vimos as máquinas que manexaban o barco e os radares que sirven para ver onde hai os peixes. Despois fomos á popa e vimos os motores. Baixamos a ver os camarotes, a cociña, as camas, unha adega, os chalecos salvavidas e nos camarotes había «walquitalquis» para falar cos demais barcos.

E por último fomos á Casa da Cultura a aprender a facer nós. Era un pouco difícil, pero ao final, cando lle pillabas o truco, xa era máis fácil e todos conseguimos facer unha pulseira. De volta no autobús, viñemos outra vez cantando e falando e cando chegamos ao colexio xa era hora de marchar. Foi moi divertido!

ÓSCAR, MARÍA, ANTÍA, SABELA e ÁNGEL - 4º B

51

## A XENTE DO MAR

O día 27 de xaneiro as clases de 3º, 4º A e 4º B fomos de excursión a Portosín. Alí os monitores ensináronnos moitas cousas. Entramos na fábrica de xeo, na que vimos como caía o xeo dun tubo e ía a unhas caixas moi grandes. Despois entramos na lonxa e vimos como se facía unha puxa. Tamén subimos a un barco que se chamaba «Divina del Mar», no que vimos os aparellos que usan os mariñeiros para pescar, os camarotes, a cociña... E por último fixemos un obradoiro de nós. Fixemos unhas pulseiras e un montón de nós! Despois volvimos ao cole. Pasámolo xenial!

O cambio das lonxas			
Dixital - Despois		Manual - Antes	
comprador	euros	comprador	euros
Luis	25	Luis	25
quilos	caixas	caixas	quilos
12	22	12	22
Agora		Antes	

ALBA - 4º A



# DÍA DA PAZ

O Equipo de Biblioteca fixo unha adaptación desta obra de Xosé Antonio Neira Cruz que serviu para traballar a paz nas aulas.


## MAMBRÚ, COCIÑEIRO DE PERFUMES

Cando Mambrú volveu da guerra prometeuse que nunca máis había ser soldado, pola tolemia que viña de vivir. Pensou en traballos interesantes que lle gustaría descubrir e acordou que lle apetecía ser perfumero. Na biblioteca, informouse sobre o que lle cumpría para exercer ese oficio. Un libro díxolle coa súa lingua de papel que antes de nada tiña que mudar o uniforme por un novo traxe con cores e petos; logo, tiña que atrapar os arrecendos máis ricos do mundo, metelos en botelliñas de cristal e despois mesturalos. Púxose a atrapalos: uns, os máis fortes, con rede e trueiro; os máis pegañentos, coa axuda dun desentupidor; os moi finos, cunha peneira; os máis suífts, con aspirador. Cando tivo unha colección dos olores máis ricos, mesturounos durante semanas. Ao rematar, montou un telderete na praza maior da vila cun cartel: "Faga que a súa vida ulá mellor". A xente achegouse a ulir os botelliños: recendía a papas de arroz con canela, a bocata de luras, a chocolate quente e espeso, a churros quentes... e moitas máis comidas e bebidas deliciosas. Tiveron un rotundo éxito as fragancias ricas en calorías.

E así foi como Mambrú se converteu no cocineiro dos perfumes máis sabedeiros do país.



52



SORAYA - 6º A




Eu supoño que deixaría de ser soldado porque era moi duro ver como a xente morre e sofre. Tamén penso que ten moi bo gusto para os olores porque vender un perfume que ule a chocolate, ummmmm! e de churros, que rico! Normal que fora o mellor perfumero do país.

SARA L. - 6º A

## Xogos cooperativos

Eu estaba no grupo 7 e na zona B con Conchi. Primeiro fun ao paracaídas con Fernando e Javier. Despois fun pintar con Marta. Logo fun aos aros con Auri. Despois pelota-bomba con Josefina. Despois ás cordas con Miguel. E ao final cubos de auga con María. Paseino moi ben.



ALFONSO - 5º B



O que máis me gustou foi o xogo das bolas. Era moi divertido. Había que ter equilibrio. Os nenos/as do meu grupo eran graciosos e divertidos. O paracaídas non estaba mal. Tamén me gustou.

LETICIA - 5º A



LARA - 5 anos



CARLOS - 5 anos




*La paz es lo mejor que puede suceder a un pueblo, a un país, a una persona.  
Tener paz es comprender y querer al amigo, al vecino.  
Tener paz interior es quererte, cuidarte, estar a gusto contigo y así surge el estar a gusto con todo el mundo.  
Familias, pueblos, países, si se quieren entre ellos hacen la paz.*

Gloria Fuertes






# NO ANTROIDO... FIXEMOS MÁSCARAS



54

## DISFRAZÁMONOS





## DESFILAMOS...

### O DÍA DO ENTROÍDO

- O día do Entroído a miña nai púxome o traxe, eu estaba nerviosa e cando cheguei a escola vin a todos terroríficos.
- Cando me puxen o traxe de Entroído -de lobo- quedeime moi quente.
- Eu estaba na miña cama e meu pai veu despertarme porque quedei durmida.
- Ese día pola mañá estaba moi contenta porque era Entroído e disfraceime de pantasma e antes de saír fixemos fotos.
- Pola mañán púxenme o disfraz porque era o Entroído na escola.
- A noite antiga collín a roupa para o día seguinte, o día seguinte era o día do Entroído na escola. Paseino moi ben porque desfilamos e pasamos polo parque e tamén polo porto e o profe de educación física e a miña profe que se chama Lola disfrazaronse de pantasma. Antes de saír sacamos fotos.
- Fomos por todo Palmeira e cando volvimos ao colexio había filloas, rosquillas,
- Cando fomos camiñando polas beirarrúas de Palmeira iamos tocando a maraca. Fomos camiñando moito e saltando pouco. Despois fomos a escola e fixemos unha festa.
- Paseamos coa parella tocando a maraca e saltando e paseando... canseime moito.
- O día do Entroído almorcei rapidísimo e maquilleime que vamos...! Puxéronme perruca e o disfraz era de muller araña. Tocamos a maraca. Carlota e Laura foron diante de min e de Mario. Molou e foi o 3º mellor día da miña vida. Chegamos ao cole e comemos de todo: filloas, rosquillas, orellas e bailamos.


NENAS e NENOS de 1º

# MARÍA MENÉNDEZ PONTE



María Menéndez Ponte é unha escritora coruñesa que escribe libros de literatura infantil e xuvenil. Veu ao colexio por cortesía da Editorial SM. Falounos dos seus libros de Pupi. Pasámolo xenial con ela.

## PUPY Y LOS FANTASMAS



*Pupi se ha quedado a dormir en casa de Nachete. Al principio todo es muy divertido, hasta que llegan los fantasmas y ...*



56


Escribo libros sobre Pupi

Pupi es un estatrorroto. Su planeta se llama azul. Llego en una nave espacial al patio de un colegio.

Blanca le preguntó: ¿Tehas hecho pupa? El dijo: Pupi.

entonces los niños le llamaban Pupi.

Dice mal las palabras. Se confunde terminera y termina. Hemos leído Quiero un hermano



PABLO e SARA Q. - 1º B



# PLANTAMOS FLORES NO PATIO



Equipo de  
Medio  
Ambiente



VOZ & NATURA

LUCÍA - 5 anos

# PLANTAMOS XERANIOS E PENSAMENTOS



Así estará o patio na primavera

# O CARBALLO




**Sorría satisfeito  
un carballo pillabán,  
aos rapaces sentados  
ó seu redor no chan.**



**Agachados nas súas gallas,  
falaban coa voz baixiña.  
O besbello, a denosiña,  
a eiruga e o paspallás.**

58



**Chegou o cuco avisando:  
Os nenos están a escoitar  
os relatos e as lendas  
que andamos a contar.**



**Un leirón rabilongo  
gabeoulle polo ombro  
e díxolle a unha rapaza:  
Queres doce de cabaza?**



**Untou varias torradas,  
reparteunas a esgallo.  
Mentres, o escaravello  
mudou o vestido vello.**



**Contaron da pega  
que fuxiu coa rata  
buscando aventuras  
de tesouros e piratas.**

**Debuxos: ALUMNADO de 5º B  
Texto: Profe Susana**

# FESTA NA FRAGA




**Os animais da fraga estaban amoscados. Rifaban uns cos outros, andaban enfurruñados.**

**Ninguén sabía a causa de tan grande enfado. Pero nadie quería ó veciño ó seu lado.**

**O raposo e a águia quixérono amañar. Decidiron para iso xuntalos a merendar.**

**Baixo o vello carballo puxeron no mantel: roscas, feitos, rodaballo, papas de arroz e mel.**



**A tortilla trouxérona a pomba e o rato. Para beber levaron auga fresca do regato.**

**A formiga, sensata e formal, preguntoulle ós asistentes - Cal é o motivo, amigos, de que nos levemos mal?**

**Respostou o besbello, animal asisado e serio. - Para levarnos ben, a mirarnos no espello.**



**Dixo o crebanoces: - Todos temos algo bo, se así nos vemos, levarémonos mellor.**

**O merlo, o cuco, o paspallás decidiron axudar e co grilo e a bolboretta unha orquesta van formar.**


**As árbores botáronse a cantar: Nas nosas ponlas vinde aniñar. - Que árbores foron? Téndelo que adiviñar.**

Debuxos: ALUMNADO de 6º A  
Texto: Profe Susana

# PROTAGONISTAS, AS MULLERES

As mulleres estiveron aparentemente ausentes de moitos ámbitos da ciencia e da cultura ao longo da Historia. Dunha banda, porque tiveron moitos obstáculos para poder desenvolver os seus intereses e capacidades, e por outro lado, porque ás que conseguiron facelo non se lles recoñeceu e nin sequera foron nomeadas nos libros de Historia ou nas enciclopedias. Por este motivo, este ano decidemos adicar o día 8 de marzo a algunhas mulleres que destacaron e cuio traballo non foi recoñecido no seu momento.

## MULLERES EXPLORADORAS



60

### AMELIA EARHART

A primeira muller que intentou dar a volta ao mundo en avión.

### ANNA LEONOWENS

A mediados do século XIX, viaxou ata o sueste asiático en busca de fortuna.

### DAISY BATES

Daisy Bates naceu en Irlanda onde lle esperaba unha vida gris.

En 1885, cando contaba pouco máis de vinte anos, embarcou nunha viaxe a Australia coa firme convicción de dispoñer a gusto do seu futuro.

### BERYL MARKHAM (1902-1986)

Beryl Markham, primeira muller piloto que sobrevoou o océano Atlántico

### ALEXANDRA DAVID-NEEL




Naceu en París en 1868 e foi unha das máis grandes viaxeiras de todos os tempos. Antes dos vinte anos xa viaxara en bicicleta por España, Italia e Suíza. Foi a primeira muller occidental en visitar Lhasa, a capital prohibida do Tibet, onde chegou en 1924, camiñando e disfrazada de mendiga tibetana.

"La aventura es el único motivo de mi existencia".  
(Alexandra David Neel).

APHRA BEHN

AURORA BERTRANA...

e tantas outras.

Su  le animó a ser  
 artista y su  a estudiar  
 la naturaleza. A los 40 años  
 comenzó a estudiar las  
 del Amazonas. En una 

canoa descubría nuevas  
 y las pintaba



MARGARET MEE

(1909-1988)


61

Además con su trabajo  
 defendió los selvas vírgenes.

Escribió varios

Flowers  of the

Amazon. In search of






flowers of the Amazon forest

# VEU ANXO FARIÑA



Por cortesía do Consorcio Editorial Galego, visitounos Anxo Fariña, autor e ilustrador de moitos libros. Falounos do seu traballo, da maxia do debuxo e fixo moitos debuxos para nós.



62

Primeiro presentouse e contounos cal era o seu traballo. É escritor e debuxante-ilustrador. Di que para facer un conto hai que xuntar as letras e despois coas palabras. Ensinounos algúns contos del pero non todos porque eran moitos. É un escritor moi bo.

E contounos un segredo e era debuxar con maxia.

Logo elixiu a un neno chamado Miguel de Infantil, e quería facer maxia pero non lle saía, e debuxouno nunha lámina de papel! Púxolle un rabo e ás de dragón e tiña moitos amigos. Aplaudírono todos.


A continuación escolleu a Sara e transformouna en serea con moitos amigos: unha estrela, un polvo mago, un rato, un pirata, ...o pirata facía uuuuuu.

E despois cantamos todos xuntos. Foi xenial, estaba guai.

**NENAS e NENOS de 1º A**




# MIRADAS. Cara ao paraíso.

Este é o nome da exposición que visitamos na seda da Fundación 

Vimos obras de grandes mestres da vangarda internacional, como Chagall, Dalí, Picasso ou Miró, e de artistas galegos de recoñecido prestixio como Laxeiro, Luguís...

## A ILLA DOS MORTOS

Onte, día 16 fomos a Santiago a ver un cadros. O que máis me gustou foi o de Dalí «A illa dos mortos». A monitora dixu que chegara unha enfermidade a Europa, que cando alguén se contaxiaba dela deixábanos morrer nunha illa onde os levaban nun barco. Por iso, lle chamaban a illa dos mortos, porque había unha pantasma que collía as súas almas cando morrían nesa illa.



O pintor Dalí foi o que levou o cadros: A illa dos mortos

ANDREA - 5º B

ANA - 6º A



SARA L. - 6º A



JULIA - 5º B

Participamos nun obradoiro de collage.



BELÉN D. - 6º A

Despois fomos ver a catedral.



# CELEBRAMOS O DÍA DA ÁRBORE




*O alumnado de 3º participou nas actividades organizadas polo Concello con motivo do Día da Árbore.*

O dezasete de marzo do 2010 fomos celebrar o Día da Árbore. Cando chegamos recibíunos unha monitora. Estivemos xogando a moitos xogos ata que nos chegou o momento de ir plantar.

A clase prantou en grupos tres preciosas árbores. Divertímonos moito e pasamos un día moi especial.

IRIA - 3º

MARTINA - 3º






# PLANTAMOS LIÑO NO HORTO

Primeiro, nas aulas, investigamos sobre esta planta textil: características, utilidade, recuperación do proceso completo do liño... Despois plantamos as sementes no horto para facer un seguimento do seu crecemento.


**E**quipo de  
**M**edio  
**A**mbiente



O liño (*Linum usitatissimum*) é unha planta herbácea da familia das lináceas. O seu talo utilízase para confeccionar tea e a súa semente, chamada liñaza, utilízase para extraer fariña (fariña de liñaza) e aceite (aceite de liñaza). O seu froito seco recibe o nome de «gárgola».



65



# O RÍO AZOR, ESTÁ MOITO MELLOR

## RECUPERACIÓN DAS MARXES DA DESEMBOCADURA DO RÍO AZOR



Para facer esta actividade contamos coa axuda do Concello que primeiro solicitou o permiso a Augas de Galicia e, unha vez obtido, aportou unha brigada que se encargou da limpeza das marxes do río coa axuda do alumnado de 5º e 6º. Unha vez rematado o traballo os nenos e nenas, na mesma desembocadura do río, recolleron en debuxos e notas as súas impresións comparando como estaba a desembocadura do río antes e despois de realizar o traballo.

Equipo de  
Medio  
Ambiente



# VOZ & NATURA

Hoxe día 13-4-2010 fomos ao río Azor. Cando chegamos non estabamos sós, alí había un precioso cisne!! Puxémonos a sacarlle fotos e a facer debuxos. Cando acabamos axudámoslles a unhas persoas a limpar o río. Collemos guantes, bolsas e a limpar. Estaba moi sucio!! Encontramos cartóns, plásticos... Cando estabamos limpando chegaron os da tele e puxéronse a sacarnos fotos, a grabarnos e a entrevistarnos.

Todos estamos contentos de limpar o río e así os animais poden estar ben. Paseino moi ben e agora está máis limpo.

MARTA - 6º B

66



IRENE - 6º B



SUSANA - 6º B



CARMELA QUELIEIRO

Los alumnos del colegio de Palmeira limpiaron el entorno del río Azor dentro del proyecto Voz Natura

Una treintena de alumnos de sexto de primaria del colegio de Palmeira limpiaron ayer los márgenes de la desembocadura del río Azor. Esta actividad se enmarca dentro del programa Voz Na-

tura, que este año se ha dedicado en este centro al estudio de la biodiversidad. Los alumnos ayudaron a un equipo de la brigada municipal de Ribeira, que desbrozó y limpió la zona.

» 14

### El río Azor vuelve a respirar

Estudiantes del colegio de Palmeira colaboraron con las brigadas municipales en las labores de limpieza de la desembocadura del arroyo para estudiar la biodiversidad

VOZ & NATURA

www.voznatura.es

Laura López

«Queríamos que os pequenos estudantes se coidaran algo próximo a eles, e este río é un bo exemplo. A nosa sorpresa foi cando nos decatamos de que o cauce está oculto en moitos tramos», explica una de las profesoras del centro y coordinadora del equipo de medio ambiente, María Victoria Suárez.

Fue entonces cuando pidieron ayuda al Concello de Ribeira, desde donde se solicitó el correspondiente permiso a Augas de Galicia para poder realizar esta actividad. Las brigadas municipales llegaron sobre las ocho de la mañana para realizar las tareas más duras de desbroce en una longitud de unos trescientos metros.

Los jóvenes emprendieron el camino a pie a las 9:15 horas desde el colegio. A su llegada a la playa, comenzaron realizando unos dibujos del entorno,



Los alumnos del colegio de Palmeira se afanaron en limpiar la desembocadura del Azor y quitar basura al cauce.



Los jóvenes aprovecharon para realizar unos dibujos del paisaje

no, aprovechando la presencia de un cisne en el agua, que se lucía con orgullo ante la mirada de los pequeños. Después colaboraron con los operarios recogiendo en bolsas la basura y la maleza desbrozada. Y lo hicieron cargados de energía. Sara, Nerea, Belén, Brais, Alberto, Manuel y Lucía estaban

muy entusiasmados con esta actividad, tanto por pasar una jornada al aire libre como por el objetivo de la actividad: «Estaba a praia chea de lixo e recollelmos moita herba e plásticos. É unha pena estragar a paisaxe», declan algunos. Su profesora afirmaba que los alumnos están muy motivados: «Entréganse con moi-

ta facilidade e nesta actividade é importantísimo que se impliquen na conservación do seu entorno. Para que amos algo telo que coñecer».

Proyecto de continuidad

En el marco de Voz Natura, cada curso del colegio de Palmeira ha estudiado un ecosistema diferente este año. Los de sexto se encargaron de la fraga. El año que viene, ya con las labores de limpieza del río Azor terminadas, se centrarán en el estudio de la flora y de la fauna.

El teniente de alcalde, Vicente García, y la concejala de Medio Ambiente, Elvira Pereira, se desplazaron ayer también hasta la zona de actuación. De hecho, desde el Concello de Ribeira se seguirá adecuando el entorno y sustituirán la pasarela existente para cruzar el río por un puente de madeira.



## OS 4 DA XUNQUEIRA

*Este é o título dunha actividade organizada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello e tivo como obxectivo a posta en valor do noso patrimonio cultural.*



*Trátase dun espectáculo teatral, musical, didáctico e interactivo representado pola Compañía de teatro Limiar, baseado na historia de tradición oral "Os catro amigos".*

*Os protagonistas son Can, Boi, Gata e Galo foxen da cidade buscando o seu lugar nun rural despoboado.*

Hoxe fomos de excursión a ver unha obra de teatro onde estaban moitos personaxes: Can, Gatiño, Galo e avó. Gustoume moito porque era música e teatro todo xunto.

A misión que tiñan era facer que as escavadoras non tiraran a xunqueira, unha casa onde o avó vivira de pequeno e facía alí as súas mellores festas con xogos antigos e moi divertidos.

E ao final conseguírono, non romperon a xunqueira e para impedi-lo puxéronse a cantar e a tocar unha música especial e con ela pararon as máquinas.

Espero ir ver máis obras deste tipo!!!



# FUMAR MATA. NON METAS A PATA!

JOSE - 6º A



68

## CONSECUENCIAS DO CONSUMO DE TABACO

### EFFECTOSA CURTO PRAZO

Aumento do ritmo cardíaco e da presión arterial.  
Intoxicación aguda: Tose, farinxite, dor de cabeza.  
Iníciase unha aprendizaxe que comeza co consumo ocasional e que aumenta progresivamente en frecuencia.  
Aumentan o número de situacións nas que parece "axeitado" fumar.

### EFFECTOS A LONGO PRAZO

Diminución da memoria, dores de cabeza, fatiga, bronquite, enfisema pulmonar, cancro de pulmón, boca e de larinxe.  
Diminúe o rendemento deportivo.  
Dependencia física, coa súa correspondente síndrome de abstinencia.  
Dependencia psíquica.  
Manifestacións comportamentais derivadas dos momentos de abstinencia (irritabilidade, ansiedade, etc...)





O tabaco non só perxudica aos que fuman senón tamén aos que respiran o fume.

PAULA - 6º A



# HAI QUE COIDAR O PLANETA!



## AXUDA AO PLANETA

Se queres axudar ao planeta, tes que facer algunhas das cousas que vou poñer:


- É mellor que utilices transportes públicos porque se non entre todo o mundo romperíase a capa de ozono.
- Respecta a fauna e a flora.
- Deposita o lixo nos lugares adecuados.
- Aforra auga.
- Aforra combustible.

Recorda, tes que respectar o planeta.

NURIA - 5º B



Equipo de  
Medio  
Ambiente



Voz & NATURA



# AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR

O alumnado de 5º e 6º participou nesta actividade organizada pola Concellería de Educación do Concello de Riveira dentro da Semana de Prevención de incendios e outros riscos.

As nenas e nenos melloraron as súas competencias en prevención, nun percorrido por diferentes situacións potencialmente perigosas e aprenderon a recoñecer os riscos que poden encontrar na súa vida cotiá e tamén como previlos: Evitar incendios, cales son os obxectos perigosos, que facer en caso de incendio... Unha formación de grande utilidade que fará as nosas aulas e domicilios máis seguros.

70

os ensinaron primeiros auxilios...

Tamén algún material que usaran.

Tamén vimos varios vídeos sobre a prevención.

Nos fixeron unhas probas cos extintores, de cada clase.

vimos na televisión, un aparato moi chulo. Pero foi o que máis me gustou.

**BELÉN D. - 6º A**

Un día cos bombeiros!!

Fomos a Fleiteira e aprendemos primeiros auxilios.

Despóis fomos ver unha película sobre: natureza, dragas...

Este tipo de extintor acaba cobrindo que está producido por: materiais sólidos, material líquido, material electrónico.

Explicáronnos como extinguir o lume, e que é o extintor.

Ao final, tirámonos polo birlino, e foi moi divertido.

**IRENE - 6º B**

# O ACUARIO

Tamén neste curso montamos o acuario de auga salgada. As nenas e nenos trouxeron os animais. Na hora do recreo alimentámolos a base de mexilóns. Este curso tivemos caramuxos, ameixas, estrelas de mar, ourizos, un cabaliño de mar, pateiros, dous bois durmiñentos, camaróns, anémonas...


Voz & NATURA

Equipo de  
Medio  
Ambiente




LARA - 5 anos

O ACUARIO



71

LUCÍA - 5 anos



CARLOS - 5 anos



# EN ABRIL, LIBROS MIL

Para celebrar o mes dos libros: 2 de abril, Día do Libro Infantil e Xuvenil e 23 de abril, Día do Libro, a Biblioteca organizou diversas actividades:

## LECTURAS COAS FAMILIAS

Os papás e mams foron invitados a unha sesión de lectura de contos ao grupo dos seus fillos e fillas. Foron moitos os que se apuntaron. Gracias.

O día 23 de abril, a clase de 3º de Primaria do CEIP Palmeira tivo o honor de recibir as visitas dalgúns familiares do alumnado de 3º nunha sesión de contos curtos que amenizaron o día do libro con contos como estes: «A bruxa regañadentes», «O bebé bigotes», «Sacapenas», «O estupidario», «A tartaruga que quería durmir», «Quen ten medo da tormenta», «A tía Avelina» e «A gata da choza», etc...




A sesión resultou moi divertida.

Grazas a todos pola vosa participación!!!



NENAS e NENOS de 3º

72





## LECTURAS PARA AS FAMILIAS



73

*O profe Miguel fixo unha selección de textos que leu aos papás e mamás que quixeron ou puideron acercarse a escoitalo. Esta actividade tivo moito éxito. Gracias aos pais e nais por participar.*






# A LENDA DAS TRES FONTES

Naceron tres fontes e puxéronse a camiñar, e o mar prometeulles que lles entregaría unha persoa ó ano en sacrificio á primeira delas que chegase onda el. Eran as fontes do río Eume, do Sor e do Landro, segundo lenda que Bouza Brey nos conta coma recollida da comarca ferrolá. Botáronse a camiñar. Con rivalidade, que rival vén da palabra latina rivus, que significa río, como xa dixemos. Pero, cansas, adormeceron, non sen antes establecer un pacto de que a primeira que acordase había de avisar ás outras dúas. Pero venceu a rivalidade.

A primeira que espertou traizooou ás outras dúas, e púxose a camiñar, silandeira, por mor de que non se espertasen as competidoras. Axiña acordou a segunda que, furiosa porque non a chamaran, púxose a correr, pero coidadosa de non espertar á terceira. Esta, cando se ergueu do sono e se atopou soa, alporizouse e deu en correr, brincando por riba dos montes e penedos, acadando o mar antes cás outras. É o río Eume, que pasa polas Pontes de García Rodríguez e desemboca en Pontedeume; disque tódolos anos cobra o prezo dunha persoa, que o mar lle paga. Un río que mete medo e resulta falso.

74



# RATO DE CAMPO E RATO DE CIDADE

Erase unha vez dous ratos. Rato de Cidade vai a casa de Rato de Campo.



Rato de Campo ensínalle as cousas do campo e despois vaise á cidade.

Na cidade hai coches e motos e autobuses. A Rato de Campo e a Rato de Cidade case os atropela un coche.

Despois van a casa de Rato de Cidade. Espertan ó gato e o gato perségueos. Rato de Campo volveu para o campo.

Colorín, colorado, este conto está rematado.

Conto escrito tal e como foi contado polos nenos/as de 4 anos B



# AS NAIS FAN TEATRO

Un grupo de nais de nenas e nenos de Educación Infantil fixeron unha sesión de teatro con dúas obras: Os tres osos e O pitiño pito. Foi moi divertido e queremos agradecer dende aquí a estas nais a súa colaboración co colexio.



76



# O-TEATO-O- PITOPITIÑO



BRUNO - 4 anos



LARA - 5 anos





# CERTAME LITERARIO

No Certame Literario organizado pola Biblioteca do Centro, resultaron gañadores o seguintes traballos:

## MODALIDADE: CONTO

### EDUCACIÓN INFANTIL, 3 anos: «Imos á praia»

Antía, Raquel e Sara saen da súa casa de Insuela para ir á praia. Polo camiño atoparon a Elena e Jaime que estaban dando un paseo. Antía dixo:

- Hola, ¿queredes vir con nós á praia?
- Si, imos.

Seguiron o seu camiño e atoparon a Manuela, Cristina, Diana e Óscar que estaban xogando no columpio de Manuela.

- Hola! Onde ides?
- Á praia. Queredes vir?
- Si, imos tamén.

Cando fan todos xuntos atoparon a Manuel, David, Adrián e Victoria que estaban xogando no parque ao fútbol.

- Hola rapaces! Onde ides?
- Imos á praia. Queredes vir?
- Si, imos tamén.



78

Seguiron camiñando e atoparon a Diego, Paula, Pepe, Alba e Alex que estaban merendando sentados nun banco do parque.

- Hola rapaces! Onde ides?
- Á praia. Queredes vir?
- Si. Imos todos!!

Todos xuntos foron camiñando á praia de Insuela. Cando chegaron á praia atoparon a Ricardo, Samuel, Pedro, Laura, Jorge e Ismael que estaban tomando o sol en bañador.

- Hola rapaces! Que facedes aquí?
- Vimos xogar.

Todos xuntos xogaron coa pelota, bañáronse, colleron cunchas, plumas de gaivota, pescaron e fixeron castelos de area. Pasárono pipa!!!

NENAS e NENOS de 3 anos

### EDUCACIÓN INFANTIL, 4 anos: «O pirata e o submarino»

Había un pirata que iba nun submarino. O pirata atopouse cun tiburón. O tiburón enfadouse e pegoulle coa súa cola porque o pirata lle molestaba co seu submarino. O pirata marchou e non molestou máis.



Juan Luís Baña Arca

EDUCACIÓN INFANTIL, 5 anos: «O detective e o ladrón»

ERASE UNA BES UN  
DETECTIBE QUE BUSCABA  
A UN LADRON

DEREPENTE BE AO  
LADRONCOA SUA PAND  
ILLA TOMANDO UN  
CHIQUITO

O DETECTIBE SIGE AO LADR  
ON EA SUA PANDILLA E BE  
COMO ENTRANNAS ALCANT  
ARILLAS

O DETECTIBE SAE DO  
SEU ESCONDETE E CAPTURA  
AOS LADRONS

Carlos Ayaso Torres

1º CICLO DE E. PRIMARIA: «A historia da castaña»

Érase unha vez, un home que encontrou  
unha castaña e prantouna.

E pouco a pouco o castiñeiro foi medrando.

E todos os días a ía regar.

E cos anos converteuse no castiñeiro máis grande do lugar, e o home que o prantou  
levou ao seu neto a coñecelo.

Daniel Abad Ramírez

**«La niña que quería ser de mayor mogollón de cosas»**

Érase una vez una niña que se llamaba Ana. Ella y su mamá han ido al veterinario porque a su perro le pasaba algo. De mayor Ana quería ser veterinaria pero vio como los veterinarios le tenían que meter la mano en la boca, y cortarle la barriga, y tenían que sacarle cosas del cuerpo. No quiso ser veterinaria. A ver que va a ser ahora. Esto lo descubriréis en este cuento.

Esta vez quiso ser profesora. Ana tenía que ir al colegio. Pero vio como los niños no respetaban las normas de clase. Un niño estaba molestando a los otros niños, una niña estaba silbando, un niño estaba pegando a una niña muy buena... Ana pensó, ¿y si tengo una amiga?

- ¿Puedes ser mi amiga?

- ¡Claro! - dijo la niñita.

La niña se llamaba Mari Carmen pero todos la llamaban Mari.

Después quiso ser peluquera pero vio como los peluqueros tenían que sacarles los piojos de la cabeza, y les tenían que poner una crema gris a los niños. No quiso ser peluquera. A ver qué es ahora. Eso lo descubriréis en este libro.

Ana estaba haciendo las maletas porque iba a Tenerife en avión. Llegó a Tenerife. Fue al Loro Parque y a los delfines. Ana pensó: «¿Y si fuera entrenadora de delfines?».

Ana vio a Mari y fueron a ver las orcas. Mari pensó: «¿Y si fuera entrenadora de orcas?»

Ana y Mari fueron grandes amigas. Además Ana estaba entrenando a los delfines y Mari a las orcas. ¡Y se divertieron muchísimo! Y fueron felices para siempre.

**Lorena Gago Mariño**

**2º CICLO DE E. PRIMARIA: «O bosque encantado»**

Había unha vez una aldea, en la aldea vivían un niño que se llamaba Juan y una niña que se llamaba Iria.

80

Juan e Iria fueron a dar un paseo al bosque encantado. En él había una hierba del sueño. Juan la probó y se quedó dormido y la única cosa que hay para despertarlo es encontrar la flor del Sol Brillante.

Para encontrarla hay que ir al lago mágico y para eso hay que ir al campo del Sol.

Cuando Iria llegó al lago mágico, encontró la flor de Sol Brillante, la cogió y se fue al bosque y se la dió a Juan. Cuando se la dio, Juan se despertó y se fueron a la aldea.

**Alba Molina Pampín**

**«A estrela que quería vivir no mar»**

Hai moitos anos había unha estrela que non iluminaba no ceo, pero non era o sol. Cando era de noite a estrela intentaba iluminarse, pero non era quen de facelo. As súas compañeiras ríanse dela. A estrela, como non iluminaba desexaba vivir no mar. Alí, no mar, ningunha estrela iluminaba, pero sabía que iso nunca ía ocorrer.

Un día cando era de noite, a estrela oíu chamar a unha nena. Así que foi xunto a ela, menos mal que estaba aberta a ventá ou se non, non podería pasar. Cando chegou preguntoulle:

- Que che pasa?

- É que teño medo á escuridade. Pódesme dar luz?

- Non estou segura. É que nunca podo iluminar o ceo.

- Que pena!

E a nena sigue chorando. Pero a estrela non pensa rendirse, así que o intenta unha e outra vez... Ata que o conseguiu!

Grazas á nena, xa ilumina a estrela. Por suposto, a estrela quedouse un bo rato coa nena, para que puidera durmir.

Agora, cada noite, a estrela vai visitar á nena para que se poida durmir. Ao final síntese mellor no ceo porque xa pode iluminar, e por iso xa non quere vivir no mar.

**Delia Muñiz Patiño**

---



**3º CICLO DE E. PRIMARIA: «O neno con medo»**

Vai moito tempo, nun lugar chamado Francia, vivía un neno. O neno tiña 6 anos e chamábase Manolito. Manolito tiñalle medo a todo: á mochila, ao lapis, ao estoxo, aos pratos, ás caixas... Porque el pensaba que eran monstros.

Pasaron 20 anos, e a princesa tiñase que casar. O Rei buscou por todo o reino pero non atopou a ninguén axeitado. Ata que atopou a Manolito que era o máis forte, a pesar do seu medo. Cando o Rei lle contou a Manolito a gran noticia, el saltou de alegría. Pero o Rei díxolle que para casar coa súa filla tiña que saír da súa casa e ir vivir ao palacio. A Manolito esa condición non lle gustaba porque tiña que deixar á súa familia.

Ao chegar ao palacio coñeceu á princesa Rosalinda. Era tan bonita como as flores. Despois déronlle un banquete. O banquete tiña de todo, e tamén tiña moitos pratos, coitelos, vasos... Tiñan todos os utensilios de cociña.

Manolito foise ao seu cuarto, púxose na cama pero doulle medo. Cando viu o armario doulle medo porque pensaba que un dragón lle ía saír dun momento a outro, e entón berrou con todas as súas forzas coma se estivese a morrer. O rei e a princesa foron ver o que lle pasara, e descubriron que todo lle daba medo.

Ao día seguinte o Rei díxolle que tiña que matar ao dragón que estaba nunha cova no bosque. Dous días despois foi á súa cova. Cando chegou alí o dragón díxolle que el non era malo, que quería axudar a todos os cidadáns de Francia.

Manolito levou ao dragón a xunto o Rei e o rei levou ao dragón a un circo e co diñeiro recadado fixeron moitas cousas en Francia.

Despois de anos casados, Manolito e Rosalinda tiveron dúas fillas xemelgas, a unha chamárona María pola nai de Manolito que morrera, e á outra Margarita pola nai de Rosalinda, que tamén morrera. Manolito xa non lle ten medo aos monstros porque agora ten un amigo que é o dragón.

E as fillas de Manolito herdaron ese medo...

Irene Fariña Martínez

81

**MODALIDADE: POESÍA****EDUCACIÓN INFANTIL, 4 anos: «As flores son bonitas»****«Para...»**

Para Martín, un par de botíns.  
 Para Carlos, un vello arco.  
 Para Enrique, unha bolsa de chiste.  
 Para Vicente, unha chea de pendentes.  
 Para Pablo, unha vaca nun establo.  
 Para Naira, un sopro de aire.  
 Para Yago, un fermoso lago.  
 Para Xabier, un par de patíns.

Para Anxo, un sombreiro moi grande.  
 Para Bruno, o número uno.  
 Para Marcos, un montón de arcos.  
 Para Noemí, un conto sen fin.  
 Para Xabier, un pequeno monedero.  
 Para Gabriel, un sonoro cascabel.  
 Para Abel, un bote de mel.

**Nenas e nenos de 4 anos B**

EDUCACIÓN INFANTIL, 5 anos: «A primavera»



82 1º CICLO DE E. PRIMARIA: «O colexio do fondo do mar»

Este é un colexio  
do fondo do mar.  
O bedel é un peixe,  
os profes son baleas,  
os nenos son estrelas.  
Don calamar vénme entintar  
as fotocopias que hai que usar.

Pablo Davila Moreira

2º CICLO DE E. PRIMARIA  
«As marismas de Corrubedo»

As marismas están molladas  
con moita auga salgada.  
Vén o río visitar,  
para que se poña a saltar.  
Como aves viaxeiras  
as augas atopan,  
o camiño a casa.  
Retornan ao mar.  
Un xabaril moi pillín,  
que ten ganas de vivir,  
visita a miña marisma  
para poder rir.

Carlos Queiruga Mariño

3º CICLO DE E. PRIMARIA

«Había unha vez un conto ao revés»

Había unha vez  
un conto ao revés,  
que en vez de haber un príncipe  
había tres.  
No conto dos tres porquiños,  
o lobo de tanto soprar  
nun recantiño  
tivo que descansar.  
No conto do cura e da silva  
era un lobo morto.  
Que sorte que non viva  
se non o cura morrería.  
E así acaba esta poesía.  
Espero que vos divertira.

Martín González Martínez

# MODALIDADE: DEBUXO

EDUCACIÓN INFANTIL, 3 anos:



EDUCACIÓN INFANTIL, 4 anos:









EDUCACIÓN INFANTIL, 5 anos



**1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:**  
 Pablo Davila Moreira (na contraportada desta revista).  
 Sara Queiruga Vilademar (na portada desta revista).

# MODALIDADE: CÓMIC

3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: «Jako el asesino y la isla de la niebla»

	
<p>Un ladrón se escapó al barco después de atacar un barco</p>	<p>Se abrió paso hasta la costa matando a todos.</p>
	
<p>Un policía de disparó y se lanzó al mar</p>	<p>Enorme salió una enorme ballena del fondo del mar</p>
	
<p>Llegó a una isla en donde encontró una criatura enorme.</p>	<p>Encontró un hormiguero de bay salieron millares de arañas que lo mataran. La ira de Jako cayó sobre los insectos y por eso los abrió después de morir mueren.</p>

# TRES SEGUNDOS



*Este libro ofrece unha reflexión en torno a unha das pandemias máis acuciantes do noso planeta: a fame. Precisamente, "cada tres segundos, un neno morre de fame"; unha fracción de tempo na que poden pasar miles de cousas e que, non obstante, arranca a vida de 30.000 menores cada día.*

O libro explica qué pasa en tres segundos. En tres segundos morre un neno en Asia, África, América. Hai que facer algo para que os países ricos presten as súas riquezas. Pareceume un libro moi bonito e penso que di a verdade. A min dame moita pena. Habería que axudalos.

**BELÉN C. – 6º A**

Cada tres segundos morre un neno, una nena en Asia, África, América... Por cousas que nós aquí podemos solucionar. «Tres segundos» é un libro onde se explica todo iso. Aquí, para nós, tres segundos non é nada. En tres segundos nós dicimos una palabra, damos un paso... en cambio nalgúns lugares deste mundo (por desgraza) tres segundos é a morte dun rapaz. Estes nenos e nenas só morren por falta de comida, de auga... Cada día, cada noite, cada hora. En tres segundos sucede iso.

**SARA L. – 6º A**

En tres segundos caen tres gotas, en tres segundos ponse o sol, en tres segundos morre un neno en África por culpa da fame e nós non facemos nada para axudalos.

**JOSE – 6º A**



Cada tres segundos morre un neno. Cada día trinta mil nenos. Polo día, pola noite, morren nenos cada tres segundos. O libro reflexa o que ocorre no mundo cada tres segundos.

**SORAYA – 6º A**



Nós, ao ter de todo, é como se non nos importara tirar algo que non está acabado.

**MANUEL - 6º B**



**FERNANDO – 6º B**



Para nós tres segundos non é nada, pero en África cada tres segundos morre un neno ou nena de cólera, tifo, sida... Para evitar esas mortes tódalas persoas do mundo teriamos que poñer algo da nosa parte. No mundo hai moitos desniveis e por iso temos que arranxalos. Compartindo as cousas teremos un mundo mellor.

**IAN – 6º A**

# COÑECENDO OS PARQUES NATURAIS



**¡VIVE AO NATURAL!** é un programa de educación ambiental deseñado pola Consellería de Medio Ambiente para que todos poidamos coñecer e gozar dos espazos naturais protexidos de Galicia.

Dentro deste programa, o alumnado de Educación Infantil e o do 1º e 2º Ciclos de Educación Primaria visitaron o Parque Natural de Corrubedo. O alumnado de 3º Ciclo de Educación Primaria visitou o Parque Natural das Fragas do Eume.

## PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO

86



Equipo de Medio Ambiente




## PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME

O día 1 de xuño fomos ás Fragas do Eume. Gustoume moito a súa paisaxe e a ponte colgante. Vimos una película antes de empezar a camiñar e explicábanos a fauna de alí. Polo camiño vimos un sapo nunha árbore. Un home explicábanos as diferenzas entre unas árbores e outras.

JULIA

O que máis me gustou da excursión das Fragas do Eume foi: A película que nos puxeron antes da camiñata e o paseo. A película era de todos os animais que vivían alí. O paseo foi o mellor de todo. Pasamos por unha ponte colgante, aprendemos a contar os anos dunha árbore e vin paxaros e unhas arañas que camiñaban pola auga, tamén vin insectos. Comemos nun merendeiro e logo mercamos un xeadado. Paseino moi ben!! O río era precioso!!

MARÍA – 5º B



O que máis me gustou foi a película que nos puxeron porque saían animais que non puidemos ver no paseo que dimos e na película vímoslos e foron os animais máis bonitos que vin eu na miña vida e no paseo so vimos un sapo nunha árbore.

AITANA – 5º A



O que máis me gustou foi cando estabamos na ponte porque se vían vistas e tamén porque como era colgante, movíase moito.

NURIA – 5º A

87



O que máis me gustou foi que para cruzar o río había que pasar por unha ponte. Molaba moitísimo!

ZOE – 5º A



# ALGO DE TICs

(Tecnoloxías da Información e a Comunicación)


Para este ano seguimos elaborando novos cadernos de traballo adicados ás festas cíclicas, como o magosto, o entroido... dispoñibles no apartado do Rato Paco da web do centro.




A intranet educativa tivo tamén un lugar importante dentro do quefacer diario das aulas, aumentando o número de contidos.

Se crearon tamén tres novos espazos web sobre "A historia dos números", "A lonxitude" e "A capacidade" cos que se intenta fomentar no alumnado o coñecemento dos distintos conceptos así como a investigación e o traballo colaborativo.

88



Capacidade



Lonxitude



Para os máis cativos se fixeron dous contos: "A eiruga lambeteira" e "Quen collera o sol!" ós que se pode acceder tamén dende a web do centro.

89

**Iniciouse, a xeito de proba, o traballo con portátiles dentro da aula coa intención de servir de experiencia para a inclusión do centro, para o vindeiro ano, dentro do proxecto ABALAR.**



# ESTUDIAMOS DIVERSOS ECOSISTEMAS



ALUMNADO DE 5º E 6º



Equipo de  
Medio  
Ambiente



AS DUNAS DE CORRUBEDO

ALUMNADO DE 2º



O MAR ESTÁ NAS TÚAS MANS

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

# VOZ & NATURA





LAGOAS DE VIXÁN E CARREGAL

ALUMNADO DE 4º

# MAIO: MES DA LINGUA

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística organizou, coma tódolos anos, o concurso para animarnos a todos e todas a falar na nosa lingua.



92

Co traballo gañador imprimiuse un adhesivo que se repartiu a todo o alumnado na festa do Día das Letras Galegas.



**Eu levo o galego no sangue.  
E ti, lévalo?.**

**CEIP de Palmeira 2010**  
Equipo de Normalización Lingüística


Roberto - 4º A

# LETRAS GALEGAS 2010: UXÍO NOVONEYRA

***Uxío Novoneyra naceu en Parada de Moreda, Courel, o 19 de xaneiro de 1930 e morreu en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 1999. Foi un poeta e escritor en lingua galega e castelá. Era fillo dunha familia de labregos. O Courel foi o principal referente para os seus versos, considerados dos mellores no tocante á paisaxística, dentro da literatura galega.***

*“Certamente a responsabilidade da Lingua é de todos, non só dos escritores en Lingua Galega nin dos nacionalistas defensivos ou críticos. A todo galego, sexa de partido que sexa, incumbe a responsabilidade da supervivencia da Lingua e a reivindicación da dinidade nacional de Galicia e o dereito da autodeterminación, recoñecido nominalmente para tódolos pobos”.*

*Uxío Novoneyra*



93



# UXIO NOVO NEIRA



Naceu o 19 de xaneiro de 1938.



EN SEGUNDA SE DA CONTA DE QUE FILOSOFIA E LETRAS QUE ESTABA ESTUDIANDO NON DE...



E ESCRIBE OS SEUS PRIMEIROS POEMAS.



EN 1952 MUDOUSE A GALICIA



EN 1973 CASOU CON ELBA REI E TIVO 3 FILLOS



PREMIANO COMO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGA GALEGA



# A GRAN FESTA DAS LETRAS

*Rematamos as actividades adicadas ás Letras Galegas cunha festa na que fixemos teatro, recitamos, xogamos e tivemos unha gran chocolatada. Aínda que facía moita calor e non era o día ideal para tomar chocolate con churros, estaban boísimos e pasámolo xenial.*



**O Restaurante Baiuca de Ribeira colaborou desinteresadamente aportando o chocolate para a festa. Queremos agradecer dende esta revista a súa colaboración co colexio.**






## MAIO CULTURAL 2010

Participamos nas actividades organizadas polo Concello dentro do Programa Maio Cultural 2010 en homenaxe a Uxío Novoneyra.

### RECITAL DE POESÍA

Asistimos no Auditorio a un recital comentado de poemas de Uxío Novoneyra a cargo de Darío Xoan Cabana.



96

### OBRADOIRO LITERARIO «TI CONTAS»

Na Biblioteca Municipal o alumnado de 5º participou nun obradoiro literario a cargo do escritor Santiago Jaureguizar que nos ensinou a construír historias.

#### SANTIAGO JAUREGUÍZAR

Santiago Jaureguizar naceu en Bilbao no ano 1965. É xornalista e escritor. Algunhas das súas obras son: *Freedom spik*, *Todo a cen*, *Comendo espaguetis diante da televisión*, *A rutina corsaria*, *As horas sucias*, *A cova das vacas mortas*, *Plastilina nos pulmóns...*





# XVIII CONCURSO LITERARIO

Tamén participamos no concurso literario e acadamos tres premios.

**Modalidade: PROSA**

**Categoría A: De 7 a 10 anos**

- Delia Muñiz Piñeiro

«A estrela que quería vivir no mar»

- Carlos Queiruga Mariño



«As marismas de Corrubedo»

**Categoría B: De 10 a 13 anos**

- Nerea Enríquez Fernández

«Un conto de chinos»

**Fomos ao Auditorio ao acto de entrega de premios e houbo unha obra de teatro.**



# HISTORIAS DA EMIGRACIÓN

Meu avó Manuel emigrou a Holanda nos 60.

- En que ano emigraches a Holanda?
- En 1961.
- Por que te fostes alí?
- Por falta de traballo en Galicia.
- En que traballabas?
- En un barco mercante.
- Cantos anos estiveches traballando alí?
- 35 anos máis ou menos.
- Que facías alí?
- Mantemento do barco.
- Como te trataron?
- Moi ben.
- Que idioma falabas?
- Holandés.
- Coincidiches con outros galegos?
- Si.
- Custouche moito adaptarte á súa forma de vida?
- Non, porque eran boa xente e axudáronme.
- Era moi difícil falar holandés?
- Si.
- Por que decidiches volver?
- Volvín cando me xubilei.



MARTÍN – 5º A

Daniela



Debby Daniela Hernández Orozco veu de Colombia aos 5 anos para vivir coa súa familia. Agora ten 10 anos e é a miña veciña.

CRIS – 5º A

98

Eu, Daniela Hernández Orozco son de Colombia. Vinme a España aos 5 anos. A miña nai tróuxome porque aquí ten traballo e un piso e casou co meu pai. Eu non vía a miña nai dende había un ano. A miña irmá veuse aos 7 anos.

E agora teño 10 anos e xa pasaron 5 anos dende que me vin. Dende Colombia son emigrante e de aquí inmigrante.

DANIELA – 5º A

Teño un tío que naceu en España e como non tiña traballo aquí, tivo que marchar a outro país e foise para EEUU de América. Alí comezou a traballar e foille moi ben, casou con Eimy, a miña tía, e teñen tres fillos, Jhon, Mathew e Keyla. Cada dous anos veñen a Palmeira de vacacións. Eu xogo con eles e gústame moito falar con eles e amosarlles o noso pobo. Quero que volten a España!

AINARA – 5º B

Os meus avós Dolores e Juan emigraron a New Jersey (EEUU) por motivos de traballo. Levaron aos seus dous fillos maiores, Juan José e Miguel Ángel, mentres que a filla pequena (miña nai) quedaba coidando dos seus bisavós. Pasaron alí 30 anos e, antes de que eu nacera, miña avoa regresou mentres que meu avó quedou alí ata que eu cumprín 2 anos e 6 meses.

AITANA – 5º A

Miña nai ten tres primos: Andrés, Juan e Ernesto. Cando eran novos o seu pai levounos a traballar a Estados Unidos...

MARÍA – 5º B



# A VIDA DOS MARIÑEIRO

O meu avó José Domínguez Gago traballaba de mariñeiro. Tiña un barco chamado Teresa e normalmente pescaba bastante afastado da costa. Saía sempre ás 6 da mañá e cando traballaba por estas augas volvía á noite pero ás veces ía traballar fóra e botaba meses de traballo. Pescaba con redes. Pescaba toda clase de peixes e case sempre que ía traballar fora traíalle un agasallo á miña avoa. Desapareceu con 47 anos cando o seu barco volcou por motivos descoñecidos. Encontraron o barco pero o corpo do meu avó non.

IVÁN – 5º A

Meu pai é mariñeiro. Ten case 40 anos e chámase Jorge Manuel Franco Parada. O seu barco chámase «Vamos». El fai as súas nasas e cando acaba de facelas vai co seu barco e as bota no mar cunha boia para saber onde están. Pola mañá, moi temprano ten que ir collelas do mar. Pola tarde ten que levalas á lonxa e escoller do que pescou para vendelo.

MARTA – 5º A




Meu pai traballa nun barco quimiqueiro, barco de gran tonelaxe que pasa por varios países para cargar ou descargar fuel, gasoil, gasolina, nafta... Non atracan en portos normais senón en pantaláns afastados das cidades. Son barcos perigosos porque levan carga inflamable e tóxica. Teñen que usar roupa de seguridade. Ten manobras de atraque de 4 ou 5 horas e ten que vir un piloto a bordo para atracalo. Meu pai, que desempeña o mantemento de cuberta e leva o timón, algunhas veces é o cociñeiro. O barco onde traballa chámase «Mar Elena».

99

NEREA – 5º A

O meu avó chámase Manolo. Vai ao mar nunha dorna que se chama *Haifa*. Levántase ás 6 da mañá para saír ao mar ás 7. O regreso depende de se hai peixes ou non. Normalmente chega ás 2 da tarde. Vai só ao mar na súa dorna pero o acompañan máis mariñeiros nos seus barcos. Cando chega, leva os peixes á lonxa. Alí, selecciónano en cada caixa. Depende de se hai bo ou mal tempo porque se non os mariñeiros non poden saír a navegar.



ANDREA – 5º B

Meu pai chámase Ricardo e foi mariñeiro. Contoume que para pescar usaba nasas e palangres (unha corda madre á que se lle van atando brazaladas con anzois).

Levantábase ás seis da mañá.

O barco chamábase Dean e tiña oito metros de eslora.

Pescaba: congros, algunhas morenas e algunhas raias, pero principalmente congros. Era pesca de baixura e pescaba na Costa da Morte. Vestía botas de auga e roupa impermeable. Cando facía frío levaba un gorro de lá e un xersei de lá. Cando chovía levaba chubasqueiro. Cada dous días viña a terra, alí estaba un día e volvía ao mar.

MARÍA – 5º B

## **LEMBRANZAS DUN AVÓ**

### **(No cole de Palmeira tivemos e temos heroínas)**

En 1993 empezou ao cole a miña neta Paula Gómez Regueira. Eu estaba recentemente xubilado e a nena estaba ao noso cargo, pois os pais emigraran a América. Á avoa aínda lle faltaba un ano para xubilarse, traballaba nunha fábrica de conserva.

Levantabámonos ás 7 da mañá. A avoa marchaba para o traballo. Nós, viamos os debuxos animados (Os Picapedra) ata as 9 que nos iamos cara o colexio. Da casa ao colexio hai un quilómetro, entre levala e collela en total eu andaba 8 quilómetros ao día e a nena 4. Como era activa no patio, esgotábase e ás veces traíaa no colo ou á cachaperna. Ás veces, se chovía, volvíamos no coche dun amigo. O segundo ano foi diferente. A miña muller xa se xubilara e eu quedara máis libre, por iso quedaba a pasear polo entorno do colexio, cousa que me gustaba moito.

Son socio dende os 15 anos da Sociedad Hijos de Palmeira. Pola distancia dende a miña casa e o traballo, non puideron facer moita vida social. Gracias a que levaba á neta ao colexio puideron parar na Sociedad a ler algúns periódicos e tódolos días disfrutaba lendo libros da biblioteca.

A neta pronto aprendeu a escribir, era unha nena moi espabilada. A apuntamos a cantidade de actividades despois da escola: karate, piscina, manualidades... quería abarcalo todo. A nena tivo dende o principio moito interese por todo, principalmente pola lectura. Nós comprabámoslle libros adaptados á súa idade, e ela tamén traía libros da biblioteca da escola.

Durante o tempo que durou a escola, a neta viaxou tres veces a América, e viña contándoo todo. A primeira vez que foi, facía tanto frío que o pasou moi mal. A segunda vez que viaxou foi testemuña dunha pelexa no aeroporto que, por desgraza, rematou en traxedia, morrendo un rapaz dunha puñalada. A terceira vez, no voo de ida houbo un temporal moi forte e tiveron que facer unha aterraxe de emerxencia. Nesa viaxe, á volta, coñeceu a unha famosa cantante portuguesa, intercambiaron os teléfonos e incluso regaloulle varios discos.

Daquela, a nena facía a viaxe saíndo de Palmeira ata Oporto-Lisboa-América. Dende o aeroporto ata a casa onde residían había uns 85 quilómetros, a viaxe era esgotadora para unha nena tan nova. Regresaba a Palmeira vinte ou vintecinco días despois de que empezara a escola. A nena, ao día seguinte de chegar xa quería incorporarse, e iso que a dirección do colexio nos dixera que se quedara uns días en casa para adaptarse. Total, que a nena confundía a mañá coa noite, coa tarde... A profe Montse tróuxoa unha vez á casa, tiña cantidade de despistes, Loli, outra profe, díxonos que se quedaba a durmir na clase con frecuencia.

A nena era moi lista, todos os anos tiña algún premio. En primeiro premiáronlle un debuxo no que pintou nosa casa cunha árbore. Con polémica pois dicían as nais e avoas das amigas que as delas eran máis listas que Paula. Premiárona cun Diploma por saber a táboa de multiplicar, tivenlle que facer un marco para colgalo na súa habitación. Tivo tamén un premio de poesía inspirado no carácter da súa outra avoa, Lola, de Aguiño.

O ano que marchou para América coincidiu coa marcha da profe Loli do colexio. Un grupo de amigas en corro, Paula e a profe Loli no medio, abrazadas... as compañeiras choraban e Paula non, entón díxenlle eu:

- A ti non che cae a bagulla, non?

E contestoume a profe Loli:

- Ela é unha nena moi forte, tanto física como mentalmente.

Na escola de América, o primeiro ano foi moi difícil para Paula pero ao final superouno. No segundo ano empezou a destacar e déronlle un certificado para que puidera traballar (non llo daban a todas). Ela traballaba de perruqueira pero non podía traballar máis de tres horas. Cando terminou o curso fixeron un concurso de peiteados e gañou ela, e tamén lle deron unha beca. No último curso ela e máis outra inmigrante gañaron unha beca especial. Tiveron que facerse cidadás americanas para conseguir un traballo na administración. E alá a temos! Lucindo a camiseta do 25 aniversario do Colexio de Palmeira!

No cole de Palmeira tivemos e temos heroínas: as profesoras por estar en dous frontes: escola e fogar. Por manter vivas as dúas circunstancias. Creo que hai máis profesoras que profesores pero o deixaremos nun empate. O único que rompe o empate é Agapito que merece un Óscar...

GRACIAS «TIXOSA»

**Manuel Gómez García**

---

# TIVEMOS ALGÚNS PROBLEMIÑAS...

ANA - 6º A



Que sorpresa, que disgusto.  
Portámonos ás veces tan mal...

Enfadamos aos profes...  
E déronnos algún susto!

101

BELÉN D. - 6º A



## **A A.N.P.A. AXUDOU MOITÍSIMO**

*A ANPA colaborou activamente ao longo de todo o curso.*

*- Organizaron as actividades extraescolares: pintura, teatro, taekwondo, batuca, natación, xadrez...*

*- Puxeron a funcionar e xestionaron o comedor escolar.*

*- Organizaron actuacións no centro: O mago Benxamín e Peter Punk.*

*- Organizaron excursións.*

*Queremos expresar dende esta revista o noso agradecemento a todas as nais e pais que traballaron tan activamente en beneficio do colexio.*

*O grupo de Teatro da ANPA actuou na XIII Mostra de Teatro Infantil do Concello de Ribeira cunha obra titulada «O rei Maragato estaba triste»*

## **...E TOCA DESPEDIRSE!**

Aínda recordo cando iba en infantil e o mandilón verde a cadros que levaba, e que me chegaba ata os pés. Eu só chorei un pouco pero cando xa estaba dentro os profesores tranquilizáronme e despois me din de conta de que non era tan malo e todo eran xogos e máis xogos e tamén pintabamos. Pero a medida que pasaban os anos a cousa complicábase. Pero todo é acostumbrarse.

E agora aquí estou, case no último día do colexio. Todos din que o instituto non lles vai gustar pero unha vez que estás alí todo é afacerse e despois gústache máis o instituto.



# GAÑAMOS UN PREMIO!!!

Os traballos realizados por todo o alumnado do centro dentro do Proxecto «A Biodiversidade: Pura necesidade» foron levados á Exposición Voz Natura que recolle os traballos de todos os centros participantes na convocatoria. Os nosos traballos acadaron o premio á mellor exposición pola súa calidade e orixinalidade e porque dan unha clara idea do traballo desenvolvido ao longo do curso.



## PROFESORADO 2009-2010



103

***O profesorado do colexio de Palmeira desexa Bo Verán a toda a Comunidade Escolar.***

***\* Esta revista foi maquetada por profesorado integrante do Equipo de Novas Tecnoloxías do Colexio.***

***\* Pódese descargar e ver a toda cor na nosa páxina web:***

***<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/>***

**ENTE**  
CEIP de Palmeira 



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP de Palmeira**

Lomba S/N - Palmeira  
Tfno.: 981838281 Fax: 981838142  
correo-e: ceip.palmeira@edu.xunta.es  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira>

